



Optativas ESO

I.E.S. Alexandre Bóveda

Departamento de Orientación.

CULTURA CLÁSICA

Entendemos por Cultura Clásica unha materia que estuda pola súa importancia as antigas civilizacións de Grecia e Roma desde o punto de vista político, económico, social, cultural e relixioso e tendo en conta que a súa influencia mantense hoxe na lingua, na arte, nas construcións humanas, nos propios homes, ..

Intentarase dar unha explicación dos aspectos básicos desas civilizacións que teñan maior repercusión na nosa civilización e tendo sempre moi en conta os feitos acontecidos en España e tamén por suposto en Galicia. Para facer isto será necesario diferenciar varios apartados atendendo ós bloques de contidos: xeográficos, históricos, artísticos, lingüísticos e arqueolóxicos, que deben ser entendidos coma transversais e non independentes, dando así unha imaxe integradora e conxunta do mundo clásico, tomando coma fío condutor a lingua, de xeito que a partires do abordado en cada tema, o alumnado poida adquirir mais coñecementos léxicos en galego ou en castelán, coñezan a formación e orixe de palabras cultas e melloren tamén a súa ortografía.

Deste xeito poderase dotar ao alumnado da ESO dun coñecemento suficiente sobre o vasto, complexo e variado legado

que aínda sobrevive da civilización grecorromana, para que poidan comprender mellor o seu propio mundo, fortalecendo así a súa conciencia histórica e a súa capacidade crítica

OBXECTIVOS:

A ensinanza da Cultura Clásica contribúe ó desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Coñecer e valorar os aportes feitos polos gregos e os romanos á civilización europea e recoñece-la súa supervivencia na literatura, filosofía, política, ciencia e nas artes plásticas e visuais.
- Coñece-la orixe e evolución das linguas europeas actuais e as semellanzas e diferenzas das distintas linguas que teñen unha orixe común e poder identificar as etimoloxías latinas e gregas das nosas linguas.
- Desenvolver a capacidade de razoamento e de crítica mediante o coñecemento da nosa tradición cultural e recoñece-la diversidade cultural coma unha mostra da evolución histórica dos pobos e instrumento da tolerancia.
- Realizar pequenas investigacións con fontes do mundo clásico.
- Recoñece-lo noso legado histórico a través do coñecemento dos restos arqueolóxicos.

CONTIDOS

- A transmisión da cultura grega e romana: O mundo clásico no mundo actual
- Grecia: a xeografía, a súa cultura A Guerra de Troia.
- Roma: a xeografía, a súa civilización
- A sociedade de Grecia e Roma.

- A vida cotiá: a educación, espectáculos. As olimpíadas. Os gladiadores e o teatro
- Lingua: o paso do indoeuropeo ata hoxe. Latinismos e helenismos
- Relixión e mitoloxía
- Artes. As ordes arquitectónicas. Vídeos e imaxes sobre Grecia e Roma.
- Literatura e pensamento grego e romano
- A Hispania romana

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer e identificar os elementos máis salientables de Grecia e Roma, pretendendo ver o nivel de asimilación do traballo feito na clase
- Describir, analizar e recoñecer os restos máis frecuentes no noso país destas culturas. Intentando así comprobar que os documentos audiovisuais, películas ou fotos teñan servido para mellora-la aprendizaxe
- Manexar con certa soltura os cultismos e o léxico derivado do latín e do grego, realizando moitos exercicios prácticos. Comprobarase o manexo do léxico e do vocabulario
- Realizar comentarios críticos sobre textos e documentos presentados polo profesor. Intentar fomentar o espírito crítico e mellorar a capacidade comprensiva.